

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### BANCO DE ESPAÑA

**4955** *Circular 2/2019, do 29 de marzo, do Banco de España, sobre os requisitos do documento informativo das comisións e do estado de comisións, e os sitios web de comparación de contas de pagamento, e que modifica a Circular 5/2012, do 27 de xuño, a entidades de crédito e fornecedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.*

O 25 de novembro de 2017 foi publicado o Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, de contas de pagamento básicas, traslado de contas de pagamento e comparabilidade de comisións, que traspón parcialmente a Directiva 2014/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a comparabilidade das comisións conexas ás contas de pagamento, o traslado de contas de pagamento e o acceso a contas de pagamento básicas.

Tanto a Directiva 2014/92/UE como o Real decreto lei 19/2017 prevén, entre as medidas destinadas a mellorar a comparabilidade das comisións asociadas a contas de pagamento, a determinación e a publicación dunha lista de terminoloxía normalizada de servizos, a entrega dun documento informativo das comisións e dun estado de comisións, e o establecemento de sitios web de comparación das comisións que os fornecedores de servizos de pagamento aplican polos servizos asociados a contas de pagamento. Tamén prevén o dereito de acceso a contas de pagamento básicas e o establecemento dun procedemento harmonizado para o traslado de contas de pagamento, cuxo obxectivo principal é facilitar e axilizar o cambio de fornecedor de servizos de pagamento.

Pola súa parte, o 5 de marzo de 2019 foi publicada a Orde ECE/228/2019, do 28 de febreiro, sobre contas de pagamento básicas, procedemento de traslado de contas de pagamento e requisitos dos sitios web de comparación.

A Orde ECE/228/2019 fixa a comisión máxima que as entidades poderán cobrar aos seus clientes pola prestación dos servizos incluídos nas contas de pagamento básicas, así como o procedemento para o cálculo das comisións adicionais que as entidades poderán aplicar polo uso que exceda os límites previstos para os servizos de transferencia e de débedas domiciliadas. Así mesmo, configura o procedemento detallado que os fornecedores de servizos de pagamento deberán seguir cando presten o servizo de traslado de contas de pagamento e establece certos requisitos adicionais que resultan de aplicación aos operadores de sitios web que permitan comparar comisións asociadas a contas de pagamento.

A aprobación desta circular é necesaria como parte do desenvolvemento regulamentario preciso para completar o proceso iniciado co Real decreto lei 19/2017 e a Orde ECE/228/2019, co fin de lograr unha mellora da transparencia e da comparabilidade das comisións que os distintos fornecedores de servizos de pagamento cobran polos servizos asociados a contas de pagamento. Esta circular tamén ten como obxectivo dar debido cumprimento aos distintos mandatos encomendados ao Banco de España, en particular aos relativos aos sitios web de comparación e a certas comisións asociadas ao contrato de conta de pagamento básica.

O capítulo I da presente circular determina o seu obxecto e establece que esta define as normas precisas para o completo desenvolvemento do Real decreto lei 19/2017 e a Orde ECE/228/2019. Este capítulo tamén regula o ámbito de aplicación da circular, e indica que resultará de aplicación, co alcance que en cada caso se estableza, aos fornecedores de servizos de pagamento e aos operadores de sitios web, distintos do Banco de España, que permitan comparar as comisións que os fornecedores de servizos de pagamento aplican polos servizos asociados a contas de pagamento.

O capítulo II establece a lista de terminoloxía normalizada dos servizos máis representativos asociados a contas de pagamento que o Banco de España debe publicar e manter actualizada, de conformidade co artigo 15 do Real decreto lei 19/2017. Este conxunto de termos incorpora a terminoloxía normalizada europea recollida no Regulamento delegado (UE) 2018/32 da Comisión, do 28 de setembro de 2017, polo que se complementa a Directiva 2014/92/UE no que respecta ás normas técnicas de regulación dunha terminoloxía normalizada da Unión aplicable aos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento. A lista completa dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento, xa publicada no sitio web do Banco de España, incorpórase como anexo 1 da presente circular.

O capítulo II tamén desenvolve os requisitos do Real decreto lei 19/2017 relativos ao documento informativo das comisións e ao estado de comisións.

Por un lado, o artigo 16 do Real decreto lei 19/2017 establece que os provedores de servizos de pagamento deberán proporcionar aos seus clientes ou potenciais clientes, gratuitamente e coa suficiente anticipación, un documento informativo das comisións no cal deberá figurar a terminoloxía normalizada da lista dos servizos máis representativos asociados á conta de pagamento, xunto coas comisións aplicables a cada un deses servizos, se o provedor de servizos de pagamento os ofrece. Por tanto, os provedores de servizos de pagamento deberán facilitar o correspondente documento informativo das comisións a todos os clientes ou potenciais clientes, con anterioridade á contratación dalgunha das contas de pagamento que ofrezan.

Pola súa parte, o artigo 17 do Real decreto lei 19/2017 establece que os provedores de servizos de pagamento deberán facilitar ao cliente, gratuitamente e, ao menos, con periodicidade anual, un estado de comisións que inclúa as comisións cobradas por todos os servizos asociados á conta de pagamento do cliente, durante o período a que o documento fai referencia, así como, se for o caso, a información relativa aos tipos de xuro aplicados e cobrados.

O formato normalizado que os provedores de servizos de pagamento deberán utilizar cando elaboren ambos os documentos regúlase no Regulamento de execución (UE) 2018/33 da Comisión, do 28 de setembro de 2017, polo que se establecen normas técnicas de execución respecto do formato de presentación normalizado do estado de comisións e o seu símbolo común, e no Regulamento de execución (UE) 2018/34 da Comisión, do 28 de setembro de 2017, polo que se establecen normas técnicas de execución respecto do formato de presentación normalizado do documento informativo das comisións e o seu símbolo común. Estas normas inclúen unhas instrucións básicas, que se centran principalmente en aspectos de forma, pero non fan especial referencia ao modo en que os provedores de servizos de pagamento deberán incorporar a información relativa a comisións e gastos.

Así pois, ao abeiro das habilitacións previstas nos artigos 16.4 e 17.4 do Real decreto lei 19/2017, o capítulo II contén unha serie de pautas adicionais para completar os documentos que tentan asegurar que os provedores de servizos de pagamento elaboran ambos os documentos seguindo uns principios harmonizados que teñan en conta as peculiaridades do mercado nacional e a tipoloxía habitual de contas. Preténdese con esta medida garantir a comparabilidade dos documentos normalizados elaborados por todos os provedores de servizos de pagamento e facilitar que sexan comprendidos polos clientes. O anexo 2 da presente circular precisa con maior detalle os requisitos para completar o documento informativo das comisións previstos no corpo da circular.

De igual modo, ao abeiro do artigo 16.4 do Real decreto lei 19/2017, o capítulo II da presente circular tamén contén certas obrigacións relativas á publicación do documento informativo das comisións, xunto coa lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento.

Por último, o capítulo II configura a forma de garantir a comparabilidade do documento informativo das comisións con outra información precontractual e contractual, así como con calquera outra comunicación relativa a contas de pagamento que os provedores de servizos de pagamento deberán entregar aos seus clientes. Estas previsións estarían

amparadas nas habilitacións xerais recollidas na disposición derradeira terceira da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, e na disposición derradeira primeira da Orde EHA/1608/2010, do 14 de xuño, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento.

O capítulo III ten como obxectivo dar efectivo cumprimento ao mandato contido no artigo 18 do Real decreto lei 19/2017. Este precepto exige ao Banco de España que estableza un sitio web, de acceso gratuíto, que permita comparar as comisións que os provedores de servizos de pagamento aplican, como mínimo, polos servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento. Preténdese que este sitio web facilite aos seus usuarios o acceso áxil e rápido á información sobre as comisións que os provedores de servizos de pagamento cobran polos servizos asociados a contas de pagamento.

Por tanto, para que o Banco de España poida incorporar a información necesaria no sitio web de comparación, o capítulo III establece un reporte periódico das contías que os provedores de servizos de pagamento van cobrar polas comisións relativas aos servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento.

A configuración deste reporte está amparada na habilitación prevista na disposición derradeira décimo segunda do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, e na disposición adicional terceira do mesmo texto lexislativo, que establece a posibilidade de que o Banco de España exixa aos provedores de servizos de pagamento, coa forma e coa periodicidade que este estableza, a información que entenda necesaria para o exercicio das súas funcións, como autoridade competente encargada de vixiar o adecuado cumprimento das disposicións relativas aos servizos de pagamento.

O capítulo IV da circular ten como obxectivo dar efectivo cumprimento ao mandato previsto no artigo 19.1 do Real decreto lei 19/2017, pois fixa o contido e o formato da declaración responsable que os operadores distintos do Banco de España que desexen establecer sitios web que permitan comparar comisións ligadas a servizos asociados a contas de pagamento deberán presentar, ante o propio Banco de España, con carácter previo ao inicio da súa actividade.

O capítulo IV tamén determina outra información que estes operadores de sitios web de comparación deberán pór á disposición do Banco de España. O artigo 19 do Real decreto lei 19/2017 establece que o Banco de España –ao cal tamén asigna a función de verificar o cumprimento e o mantemento dos requisitos exixidos– poderá requirir destes operadores a información que sexa necesaria para o adecuado exercicio das súas funcións. Ao tratarse dunha tipoloxía de suxeitos que representan unha novidade dentro do ámbito das competencias do Banco de España, considérase conveniente detallar a información que deberán pór á súa disposición, para que poida dar debido cumprimento á función de verificación que ten encomendada.

O capítulo V prevé que as entidades de crédito comuniquen ao Banco de España certa información relativa ás solicitudes de contas de pagamento básicas que reciben. Este capítulo tamén determina que os provedores de servizos de pagamento remitan ao Banco de España certa información relativa ao servizo de traslado de contas de pagamento que deben ofrecer aos seus clientes, de conformidade co réxime previsto no Real decreto lei 19/2017 e na Orde ECE/228/2019. Esta información deberá remitirse durante o mes de xuño de cada ano e fará alusión ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior.

Estes requisitos de reporte periódico teñen a súa orixe no artigo 27 da Directiva 2014/92/UE, que establece un reporte de información periódico á Comisión Europea, co fin de que esta poida valorar a eficacia e a eficiencia dos principios recollidos da propia directiva. A solicitude de reporte relativa á información sobre contas de pagamento básicas estaría amparada pola habilitación xeral contida na disposición derradeira terceira da Orde EHA/2899/2011. O reporte correspondente á información relativa ao servizo de traslado de contas de pagamento estaría amparado pola habilitación xeral contida na

disposición derradeira terceira da Orde ECE/228/2019 e na disposición derradeira décimo segunda do Real decreto lei 19/2018, de conformidade coa disposición adicional terceira do mesmo texto lexislativo.

O capítulo V determina igualmente que as entidades de crédito deberán comunicar ao Banco de España a media das comisións ou dos gastos que aplicasen aos seus clientes polo servizo de transferencia e polo servizo de débedas domiciliadas, durante os doce meses inmediatamente anteriores á correspondente comunicación.

Esta solicitude de información ten a súa orixe no artigo 4.3 da Orde ECE/228/2019, que encomenda ao Banco de España a publicación trimestral, por entidade, das mencionadas comisións ou gastos medios. Esta medida ten como obxectivo dar publicidade ás comisións máximas que as entidades van poder cobrar polo uso dos servizos de transferencias e de débedas domiciliadas que exceda a contía sinalada na alínea e) do artigo 4.2 da Orde ECE/228/2019.

Finalmente, a disposición derradeira primeira da presente circular modifica a Circular 5/2012, do 27 de xuño, do Banco de España, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos, co fin de aliñar os requisitos de información desta norma coas novas previsións do Real decreto lei 19/2017. Esta revisión tería como obxectivo racionalizar os requisitos de transparencia que as entidades deben cumprir e eliminar duplicidades, en particular as relacionadas coa remisión de información normalizada aos clientes. As modificacións que se introducen na Circular 5/2012 teñen a súa orixe na habilitación xeral contida na disposición derradeira terceira da Orde EHA/2899/2011.

A presente circular adécuase aos principios de necesidade e de eficacia exixidos polo artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xa que contén o desenvolvemento regulamentario preciso para completar o proceso de transposición da Directiva 2014/92/UE iniciado co Real decreto lei 19/2017 e coa Orde ECE/228/2019, e é o instrumento xurídico máis adecuado para dar efectivo cumprimento aos mandatos encomendados ao Banco de España en ambos os textos normativos.

Aténdese tamén aos principios de proporcionalidade, seguranza xurídica e de eficiencia establecidos na citada lei, pois que prevé as medidas e os requisitos imprescindibles para cumprir os mandatos encomendados ao Banco de España no Real decreto lei 19/2017 e na Orde ECE/228/2019. A presente circular pretende asegurar a coherencia do marco xurídico aplicable aos provedores de servizos de pagamento e contribúe ao establecemento dun conxunto normativo integrado e claro, que outorgue un nivel de protección adecuado aos seus clientes e evite cargas innecesarias.

O principio de transparencia na elaboración da presente circular verificase a través da consulta pública previa ás persoas e ás entidades potencialmente afectadas, e a través do trámite de audiencia pública. Tanto a consulta como a audiencia foron levadas a cabo, durante o proceso de elaboración da presente circular, mediante a súa publicación no sitio web do Banco de España, e deuse a oportunidade aos destinatarios da norma, aos organismos competentes e aos interesados en xeral de manifestaren as súas observacións.

En consecuencia, en uso das facultades que ten concedidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva, e de acordo co Consello de Estado, aprobou a presente circular, que contén as seguintes normas:

## CAPÍTULO I

### Obxecto e ámbito de aplicación

#### Norma 1. *Obxecto.*

1. A presente circular ten por obxecto ditar as normas precisas para o desenvolvemento e a execución das disposicións contidas no Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, de contas de pagamento básicas, traslado de contas de pagamento e comparabilidade de comisións (en diante, Real decreto lei 19/2017), e na Orde

ECE/228/2019, do 28 de febreiro, sobre contas de pagamento básicas, procedemento de traslado de contas de pagamento e requisitos dos sitios web de comparación (en diante, Orde ECE/228/2019), en particular:

- a) o establecemento da lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento prevista no artigo 15 do Real decreto lei 19/2017;
- b) a determinación de requisitos adicionais relativos ao documento informativo das comisións e ao estado de comisións previstos nos artigos 16 e 17 do Real decreto lei 19/2017;
- c) a previsión de certas obrigacións de información para a debida posta en funcionamento, por parte do Banco de España, de conformidade co artigo 18 do Real decreto lei 19/2017, dun sitio web de comparación de comisións aplicadas polos provedores de servizos de pagamento, polos servizos mencionados no artigo 15 do Real decreto lei 19/2017;
- d) a definición dos termos da declaración responsable, así como a determinación de certa información necesaria para o adecuado cumprimento da función de verificación previstas no número primeiro do artigo 19 do Real decreto lei 19/2017;
- e) a incorporación de certas obrigacións de reporte relativas a contas de pagamento básicas, previstas orixinalmente na Circular 5/2012, do 27 de xuño, do Banco de España, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos (en diante, Circular 5/2012);
- f) a determinación de certas obrigacións de reporte relativas ao servizo de traslado de contas de pagamento previsto no Real decreto lei 19/2017 e na Orde ECE/228/2019, de conformidade coa disposición adicional terceira do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira (en diante, Real decreto lei 19/2018);
- g) o establecemento de certas obrigacións de comunicación de comisións ou de gastos medios que as entidades de crédito aplicasen aos seus clientes pola provisión do servizo de transferencia e do servizo de débedas domiciliados, de conformidade co número terceiro do artigo 4 da Orde ECE/228/2019.

2. A presente circular modifica, así mesmo, a Circular 5/2012 para aliñar o seu contido coas novas previsións introducidas polo Real decreto lei 19/2017 e pola Orde ECE/228/2019.

#### Norma 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Os capítulos II e III da presente circular serán de aplicación aos provedores de servizos de pagamento que ofrezan contas de pagamento aos clientes ou potenciais clientes.

2. O capítulo IV da presente circular será de aplicación aos operadores distintos do Banco de España que desexen establecer un sitio web que permita comparar as comisións que os provedores de servizos de pagamento aplican polos servizos asociados a contas de pagamento.

3. O capítulo V da presente circular será de aplicación ás entidades de crédito que ofrezan contas de pagamento, no que respecta ao reporte de información relativo a contas de pagamento básicas e á comunicación das comisións ou gastos medios; e aos provedores de servizos de pagamento, no que respecta ao reporte de información relativo ao servizo de traslado de contas de pagamento.

4. Os termos utilizados na presente circular entenderanse de acordo coas definicións establecidas no Real decreto lei 19/2017.

## CAPÍTULO II

### Comparabilidade de comisións asociadas a contas de pagamento

Norma 3. *Lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento.*

O anexo 1 da presente circular contén a lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento, que integra os termos normalizados do Regulamento delegado (UE) 2018/32 da Comisión, do 28 de setembro de 2017, polo que se complementa a Directiva 2014/92/UE no que respecta ás normas técnicas de regulación dunha terminoloxía normalizada da Unión aplicable aos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento.

Norma 4. *Documento informativo das comisións.*

1. Sen prexuízo do establecido no Real decreto lei 19/2018 e nos correspondentes desenvolvementos regulamentarios, os provedores de servizos de pagamento facilitarán ao cliente ou potencial cliente, gratuitamente e con suficiente anticipación con respecto á data de celebración dun contrato de conta de pagamento, un documento informativo das comisións, en papel ou noutro soporte duradeiro, en que figuren os termos normalizados relativos aos servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento, xunto coas comisións aplicables a cada un deses servizos, en caso de que os ofrezan.

2. Segundo establece o artigo 16 do Real decreto lei 19/2017, o documento informativo das comisións deberá:

- a) ser breve e independente;
- b) ter unha presentación e unha estrutura claras que permitan a súa fácil lectura;
- c) utilizar caracteres dun tamaño lexible;
- d) en caso de que o orixinal se elaborase en cor, non perder claridade se se imprime ou fotocopia en branco e negro;
- e) redactarse no idioma acordado polas partes;
- f) ser preciso e non inducir a erro;
- g) expresar as cantidades que nel figuren na moeda da conta de pagamento, ou noutra moeda da Unión pactada entre as partes;
- h) levar na parte superior da primeira páxina o título «Documento informativo das comisións», xunto ao seu símbolo común, para permitir diferenciarlo doutros documentos, e
- i) indicar expresamente que contén as comisións aplicables aos servizos máis representativos asociados á conta de pagamento e que a información precontractual ou contractual completa sobre o conxunto dos servizos ofrecidos figura noutros documentos.

3. Para a súa elaboración, os provedores de servizos de pagamento deberán utilizar o modelo contido no anexo do Regulamento de execución (UE) 2018/34 da Comisión, do 28 de setembro de 2017, polo que se establecen normas técnicas de execución respecto do formato de presentación normalizado do documento informativo das comisións e o seu símbolo común, de conformidade coa Directiva 2014/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello [en diante, Regulamento de execución (UE) 2018/34], e atenderán estritamente as instrucións contidas nesa norma, no previsto no Real decreto lei 19/2017 e no establecido na presente circular, en particular no seu anexo 2.

4. Cando os provedores de servizos de pagamento elaboren o documento informativo das comisións deberán velar por que a preceptiva brevidade do documento garanta, en todo caso, que sexa comprendido polos clientes ou potenciais clientes da información alí contida e facilite a comparabilidade entre as ofertas de distintos provedores.

5. Ao elaborar o documento informativo das comisións, de conformidade co artigo 11 do Regulamento de execución (UE) 2018/34, os provedores de servizos de pagamento non incluírán o cadro «indicador de custos totais».

6. Os provedores de servizos de pagamento deberán elaborar e proporcionar aos seus clientes ou potenciais clientes un documento informativo das comisións por cada tipo de conta de pagamento que ofrezan.

*Norma 5. Requisitos para completar o documento informativo das comisións.*

1. Os provedores de servizos de pagamento deberán incluír, na columna «comisión» do cadro de «servizos e comisións», as comisións que apliquen, se for o caso, por cada un dos servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento e que estean asociadas á conta de pagamento que se ofrece ao cliente ou potencial cliente.

Para dar efectivo cumprimento ao parágrafo anterior, os provedores de servizos de pagamento deberán ter en conta as instrucións recollidas no artigo 7 do Regulamento de execución (UE) 2018/34 e respectarán as indicacións xerais contidas no anexo 2 da presente circular, así como a orde, a tipoloxía, a desagregación e o detalle de comisións que o anexo 2 menciona, para cada un dos servizos da lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento.

2. Se o documento informativo das comisións recolle información relacionada con paquetes de servizos que:

- a) se cobran como parte das comisións incluídas na subrúbrica «servizos xerais da conta», ou
- b) se cobran por separado respecto ás comisións incluídas na subrúbrica «servizos xerais da conta», esta inclusión deberá realizarse seguindo as instrucións recollidas nos artigos 8 e 9 do Regulamento de execución (UE) 2018/34, segundo o tipo de paquete de que se trate, e as indicacións contidas no anexo 2 da presente circular.

*Norma 6. Documento informativo das comisións e outra documentación precontractual e contractual.*

1. A información precontractual que os provedores de servizos de pagamento deberán entregar aos seus clientes ou potenciais clientes, de conformidade:

- a) cos preceptos contidos no capítulo III da Circular 5/2012, que desenvolven o artigo 6 da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios (en diante, Orde EHA/2899/2011), ou nas normas que a substitúan, e
- b) cos preceptos da Orde EHA/1608/2010, do 14 de xuño, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento (en diante, Orde EHA/1608/2010), ou nas normas que a substitúan,

deberá, se for o caso, facer alusión á terminoloxía normalizada relativa aos servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento, e terá que coincidir coa información facilitada no documento informativo das comisións, tanto en termos de contía como no detalle e desagregación de comisións.

2. A información contractual e as comunicacións que os provedores de servizos de pagamento deberán entregar aos seus clientes ou potenciais clientes, de conformidade:

- a) cos preceptos contidos no capítulo IV da Circular 5/2012, que desenvolven os artigos 7 e 8 da Orde EHA/2899/2011, ou nas normas que a substitúan, e
- b) cos preceptos da Orde EHA/1608/2010 ou nas normas que a substitúan,

deberán, se for o caso, facer alusión á terminoloxía normalizada relativa aos servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento, e terá que coincidir coa información facilitada no documento informativo das comisións, tanto en termos de contía como no detalle e desagregación de comisións.

Norma 7. *Información ao público sobre contas de pagamento.*

Os provedores de servizos de pagamento porán á disposición dos clientes ou potenciais clientes a información relativa ás comisións, os gastos e os xuros aplicados ás contas de pagamento que ofrezan ao público en xeral, mediante a publicación do documento informativo das comisións e da lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento, previstos nos artigos 15 e 16 do Real decreto lei 19/2017. A publicación levarase a cabo:

– No suposto de que os provedores de servizos de pagamento teñan establecementos comerciais, nun lugar destacado que chame a atención do público, debidamente actualizados até a data a que se refiran.

– Nas páxinas da internet dos provedores de servizos de pagamento ou noutros dispositivos dixitais, mediante vínculos que se localicen, de forma destacada e lexible, ao menos, nas pantallas relativas ás contas de pagamento que ofrecen.

Norma 8. *Estado de comisións.*

1. Sen prexuízo do establecido no Real decreto lei 19/2018 e nos correspondentes desenvolvementos regulamentarios, os provedores de servizos de pagamento facilitarán ao cliente, anualmente, durante o mes de xaneiro de cada ano, e de forma gratuíta, un estado de todas as comisións en que incorreron durante o ano natural anterior polos servizos asociados a unha conta de pagamento e dos tipos de xuro reflectidos no número 3 seguinte (estado de comisións).

Os provedores de servizos de pagamento utilizarán, se for o caso, a terminoloxía normalizada recollida na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento.

2. Os provedores de servizos de pagamento facilitarán ao cliente o estado de comisións a través da canle de comunicación acordada para a recepción habitual de toda a documentación. Este documento facilitarase en papel, ao menos, cando o cliente así o solicite.

3. De conformidade co artigo 17 do Real decreto lei 19/2017, o estado de comisións especificará a seguinte información:

a) a comisión unitaria aplicada a cada servizo e o número de veces que se utilizou o servizo durante o período de referencia;

b) no caso de servizos combinados nun paquete, a comisión aplicada ao conxunto do paquete, o número de veces que se cobrou a comisión correspondente ao paquete durante o período de referencia e a comisión adicional cobrada por calquera servizo que supere a cantidade cuberta pola comisión aplicada ao paquete;

c) o importe total das comisións aplicadas durante o período de referencia por cada servizo prestado e por cada paquete de servizos prestados, e polos servizos que superen a cantidade cuberta pola comisión aplicada ao paquete;

d) o tipo de xuro de descuberto aplicado á conta de pagamento e o importe total dos xuros cobrados en relación coa posibilidade de descuberto durante o período de referencia, se for o caso;

e) o tipo de xuro acreedor aplicado á conta de pagamento e o importe total dos xuros producidos durante o período de referencia, se for o caso;

f) o importe total das comisións aplicadas polo conxunto dos servizos prestados durante o período de referencia.

Igualmente, o estado de comisións deberá:

a) ter unha presentación e unha estrutura claras que permitan lelo facilmente e utilizar caracteres dun tamaño lexible;

b) estar redactado no idioma en que se ofrezca a conta de pagamento ou noutro idioma acordado polas partes;



- c) ser preciso e non inducir a erro;
- d) expresar as cantidades que figuren no documento na moeda da conta de pagamento ou noutra moeda acordada entre as partes;
- e) levar na parte superior da primeira páxina o título «Estado de comisións», xunto co seu símbolo común, para permitir diferenciarlo doutros documentos.

4. Para a súa elaboración, os provedores de servizos de pagamento deberán utilizar o modelo contido no anexo do Regulamento de execución (UE) 2018/33 da Comisión, do 28 de setembro de 2017, polo que se establecen normas técnicas de execución respecto do formato de presentación normalizado do estado de comisións e o seu símbolo común, de conformidade coa Directiva 2014/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello [en diante, Regulamento de execución (UE) 2018/33], e atenderán estritamente ás instrucións contidas nesa norma, ao previsto no Real decreto lei 19/2017 e ao establecido nesta circular.

5. Ao elaboraren o estado de comisións, de conformidade co artigo 9 do Regulamento de execución (UE) 2018/33, os provedores de servizos de pagamento non incluírán o cadro «indicador de custos totais».

6. Cando o estado de comisións faga referencia a servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento, os provedores de servizos de pagamento deberán incluír a información sobre as comisións cobradas, nos mesmos termos, detalle, e tipo de desagregación con que aparecen no documento informativo das comisións, e de conformidade cos requisitos recollidos na presente circular.

7. Se o estado de comisións vai recoller información relacionada con paquetes de servizos que

- a) se cobran como parte das comisións incluídas na subrúbrica «servizos xerais da conta», ou
- b) se cobran por separado respecto ás comisións incluídas na subrúbrica «servizos xerais da conta»,

esta inclusión deberá realizarse seguindo as instrucións recollidas nos artigos 12 e 13 do Regulamento de execución (UE) 2018/33, segundo o tipo de paquete de que se trate.

Así mesmo, cando o estado de comisións presente información relacionada cun paquete de servizos que conteña algún dos servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento, os provedores de servizos de pagamento deberán recoller a información sobre as comisións incluídas no paquete, nos mesmos termos, detalle e tipo de desagregación con que aparecen no documento informativo das comisións e de conformidade cos principios recollidos na presente circular.

Nese caso, a terminoloxía, a desagregación e o detalle de comisións deberán coincidir cos que se utilicen no «estado detallado das comisións cobradas na conta» para eses mesmos servizos.

### CAPÍTULO III

#### Sitio web de comparación do Banco de España

##### Norma 9. Información ao Banco de España.

1. Os provedores de servizos de pagamento deberán remitir ao Banco de España o documento informativo das comisións correspondente a cada tipo de conta de pagamento que ofrezan ao público en xeral. Calquera modificación dese documento ou calquera documento informativo das comisións referido a contas de pagamento de nova creación deberán notificarse ao Banco de España cinco días antes da data da súa entrada en vigor.

O Banco de España publicará a información recibida nun sitio web que permita comparar as comisións que aplican os provedores de servizos de pagamento polos servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a contas de pagamento, segundo se prevé no artigo 18 do Real decreto lei 19/2017.

2. Xunto coa remisión citada no parágrafo anterior, os provedores de servizos de pagamento indicarán ao Banco de España o tipo de conta de pagamento a que corresponde a información facilitada, e elixirán unha de entre as seguintes categorías:

a) Conta nómina/pensión: cando as condicións aplicables á conta e as comisións incluídas no documento informativo das comisións estean suxeitas ao cumprimento dunha serie de condicións/vinculacións, entre as cales se encontren o ingreso dunha nómina, pensión ou prestación por desemprego ou un ingreso periódico mínimo.

b) Conta dixital: cando as condicións aplicables á conta e as comisións incluídas no documento informativo das comisións estean suxeitas ao cumprimento dunha serie de condicións, entre as cales non se inclúan o ingreso dunha nómina, pensión ou prestación por desemprego ou un ingreso periódico mínimo, e cuxa operativa se realice exclusivamente por medios dixitais.

c) Conta xove: cando as condicións aplicables á conta e as comisións incluídas no documento informativo das comisións só poidan ser desfrutadas por titulares menores dunha idade determinada. Nese suposto, na remisión faranse constar tamén as idades a que se fai alusión na oferta.

d) Conta básica: cando a conta se corresponda cunha das definidas no artigo 2, alínea c) do Real decreto lei 19/2017.

e) Outras contas: calquera outra conta de pagamento que non cumpra coas condicións mencionadas nas alíneas anteriores.

3. A remisión ao Banco de España da información a que se refire a presente norma deberá facerse mediante transmisión telemática e de conformidade coas especificacións técnicas que se comuniquen para o efecto.

#### CAPÍTULO IV

##### **Operadores de sitios web de comparación distintos do Banco de España**

Norma 10. *Declaración responsable.*

1. Os operadores distintos do Banco de España que desexen establecer un sitio web que permita comparar as comisións que os provedores de servizos de pagamento aplican polos servizos asociados a contas de pagamento deberán presentar ante o Banco de España, antes de iniciaren a súa actividade, unha declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos que lles son exixibles.

Para tal fin, os operadores dos sitios web de comparación deberán remitir ao Banco de España o formulario contido no anexo 3 da presente circular, mediante transmisión telemática e de conformidade coas especificacións técnicas que se comuniquen para o efecto.

2. En caso de variación dos datos a que fan referencia os números do 1 ao 3 do formulario reflectido no anexo 3, os operadores dos sitios web de comparación deberán presentar, o antes posible, un novo formulario ante o Banco de España en que se fará constar a información actualizada.

Norma 11. *Procedementos internos.*

Os operadores dos sitios web a que se refire este capítulo deberán ter á disposición do Banco de España un manual de procedementos internos que garantan que o operador do sitio web de comparación e a operativa deste cumpren cos requisitos que lles resultan de aplicación, de conformidade co número segundo do artigo 19 do Real decreto lei 19/2017 e co artigo 13 da Orde ECE/228/2019.

## CAPÍTULO V

**Remisión de información periódica ao Banco de España**

Norma 12. *Información sobre contas de pagamento básicas e sobre o servizo de traslado de contas de pagamento.*

1. As entidades de crédito que ofrezan contas de pagamento básicas deberán remitir ao Banco de España anualmente, durante o mes de xuño de cada ano, mediante transmisión telemática e de conformidade coas especificacións técnicas que se comuniquen para o efecto, un documento que conteña a seguinte información:

- o número de contas de pagamento básicas abertas durante o ano natural anterior, e
- o número de solicitudes de apertura de contas de pagamento básicas que se rexeitaron durante o ano natural anterior.

2. Os provedores de servizos de pagamento deberán remitir ao Banco de España anualmente, durante o mes de xuño de cada ano, mediante transmisión telemática e de conformidade coas especificacións técnicas que se comuniquen para o efecto, un documento que conteña a seguinte información:

- o número total de solicitudes de traslado de contas de pagamento que recibiron durante o ano natural anterior;
- do total de solicitudes do ano natural anterior, o número de solicitudes de traslado de contas de pagamento que foron rexeitadas polo provedor de servizo de pagamento transmisor, e
- do total de solicitudes recibidas durante o ano natural anterior, o número de solicitudes de traslado que finalmente se efectuaron.

Norma 13. *Información sobre comisións e gastos medios aplicados polos servizos de transferencia e débedas domiciliadas.*

1. As entidades de crédito que ofrezan contas de pagamento deberán remitir ao Banco de España trimestralmente, dentro dos 20 días seguintes ao final de cada trimestre natural, mediante transmisión telemática e de conformidade coas especificacións técnicas que se comuniquen para o efecto, as comisións ou os gastos medios que aplicaron aos seus clientes durante o ano anterior polos seguintes servizos:

- servizo de transferencia en euros dentro da Unión Europea (incluíndo no cálculo todas as súas modalidades), e
- servizo de débedas domiciliadas en euros dentro da Unión Europea.

2. Para o cálculo das comisións e os gastos medios a que se refire o número 1 anterior, as entidades deberán tomar en consideración as comisións ou os gastos que aplicaron aos seus clientes [segundo se definen na alínea a) do artigo 2 do Real decreto lei 19/2017], durante os 12 meses naturais inmediatamente anteriores ao final de cada trimestre natural.

Disposición derradeira primeira. *Modificacións da Circular 5/2012.*

Un. O número primeiro da norma terceira da Circular 5/2012 queda redactado do seguinte modo:

«Norma terceira. Información pública sobre tipos de xuro e comisións.

1. As entidades publicarán, na forma que se indica no número 3 desta norma, os tipos de xuro e as comisións habitualmente aplicados aos servizos bancarios prestados con maior frecuencia á súa clientela, no formato establecido no anexo 1 da presente circular, sobre as operacións realizadas en cada trimestre natural para

os diferentes perfís de produtos e clientes reflectidos no anexo citado. Esta información actualizarase trimestralmente cando se envíe ao Banco de España conforme o previsto na norma décimo sexta. Cando a entidade non preste á súa clientela algún dos servizos reflectidos no anexo 1, fará constar expresamente, nese punto do formato establecido no anexo, a expresión «NON PRACTICADO».

Non se incluírán nesta información as comisións, os gastos e os xuros aplicados aos servizos asociados a contas de pagamento. Esta información deberá subministrarse ao cliente, da forma que se establece na norma 7 da Circular XX/2019, do xx de xx, do Banco de España, sobre os requisitos do documento informativo das comisións e do estado de comisións, e os sitios web de comparación de contas de pagamento, e que modifica parcialmente a presente circular.

De igual modo, non se incluírán nesta información os tipos de xuro ou as comisións practicados noutros servizos bancarios prestados pola entidade, sen prexuízo de se reflectiren nos correspondentes contratos e do disposto legalmente sobre explicacións adecuadas e información precontractual.

Non obstante, a entidade que ofrezca habitualmente outro tipo de produtos bancarios de activo (por exemplo, préstamos con garantía de valores), pasivo (por exemplo, certificados de depósito) ou servizos (por exemplo, ordes de pagamento mediante entrega de efectivo) distintos dos mencionados no anexo 1 poderá elaborar un documento complementario do establecido no mencionado anexo 1, como addenda, baixo o título «Outras operacións e servizos bancarios habituais», sempre que o comunicase previamente ao Banco de España, ao menos un mes antes da súa primeira publicación, con información acreditativa de que eses produtos se prestan, ao menos, a un 10% da clientela correspondente ao tipo de produto; esta última información deberá acreditarse anualmente ante o Banco de España.»

Dous. O parágrafo primeiro do número primeiro da norma quinta da Circular 5/2012 queda redactado do seguinte modo:

«1. Antes de iniciar calquera relación contractual cun cliente, as entidades facilitarán a este as explicacións a que se refire o artigo 9 da orde, mesmo no caso de operacións e servizos en que non se establecese legalmente unha información precontractual específica. En particular, cando a relación contractual vaia xirar sobre operacións de activo, de pasivo ou de servizos incluídas no anexo 1, as explicacións incluírán unha mención á existencia dese anexo, ao seu contido e ao lugar en que o cliente poida consultalo. Así mesmo, cando a relación contractual prevexa a prestación dos servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento, deberase informar da existencia do documento informativo das comisións previsto no Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, de contas de pagamento básicas, traslado de contas de pagamento e comparabilidade de comisións (en diante, Real decreto lei 19/2017), e da lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento.»

Tres. O número segundo da norma décimo primeira da Circular 5/2012 queda redactado do seguinte modo:

«2. As entidades remitirán aos seus clientes anualmente, durante o mes de xaneiro de cada ano, unha comunicación en que, de maneira completa e detallada, se recolla a información sobre os xuros cobrados e pagados e as comisións e gastos xerados por cada servizo bancario prestado ao cliente (excepto as comisións, os xuros e os gastos cobrados ou pagados por servizos asociados a contas de pagamento) durante o ano anterior. Esta comunicación deberá axustarse ao modelo incluído no anexo 5 desta circular.

Nos casos de información relacionada con contas de pagamento, a entidade remitirá aos clientes, anualmente e durante o mes de xaneiro de cada ano, o estado

de comisións previsto no artigo 17 do Real decreto lei 19/2017, por cada unha das contas de pagamento que o cliente teña contratadas coa entidade.»

Catro. O número quinto da norma décimo primeira da Circular 5/2012 queda redactado do seguinte modo:

«5. As entidades facilitarán a información a que se refiren os números anteriores de maneira gratuíta na forma convida polas partes, sempre que permita ao cliente almacenar a información e reproducila sen cambios. No caso do estado de comisións, deberanse ter en conta os requisitos contidos no artigo 17 do Real decreto lei 19/2017 e as previsións da Circular XX/2019, e deberase utilizar o formulario normalizado incluído no Regulamento de execución (UE) 2018/33 da Comisión, do 28 de setembro de 2017, polo que se establecen normas técnicas de execución respecto do formato de presentación normalizado do estado de comisións e o seu símbolo común, de conformidade coa Directiva 2014/92/UE do Parlamento e do Consello.»

Cinco. Suprímese o número quinto da norma décimo sexta da Circular 5/2012.

Seis. Suprímense os números 3 e 4 da letra B), operacións de pasivo ofrecidas ao público, que non reúnan as características de instrumentos financeiros híbridos, e os números 2 a 4 da letra C), operacións de servizo, do anexo 1 da Circular 5/2012.

Sete. Suprímense as dúas últimas táboas (relativas á comisión de mantemento e ao uso de tarxeta) que se inclúen a modo de exemplo na *pro memoria* do anexo 1 da Circular 5/2012.

Oito. O título do punto 1.2 do número 1, Préstamos, do anexo 5 da Circular 5/2012 queda redactado como segue:

«Tarxetas de crédito (sempre que inclúan financiamento con cargo de xuros e cuxa información non deba facilitarse no estado de comisións previsto no artigo 17 do Real decreto lei 19/2017)».

Nove. Suprímese o punto 2.1 do número 2, Depósitos, do anexo 5 da Circular 5/2012.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de marzo de 2019.—O gobernador do Banco de España, Pablo Hernández de Cos.

## ANEXO 1

### Lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento

Servizo	Definición
Mantemento da conta.	A entidade xestiona a conta para que o cliente poida operar con ela.
Emisión e mantemento dunha tarxeta de débito.	A entidade facilita unha tarxeta de pagamento asociada á conta do cliente. O importe de cada unha das operacións realizadas coa tarxeta cárgase directamente e na súa totalidade á conta do cliente.
Emisión e mantemento dunha tarxeta de crédito.	A entidade facilita unha tarxeta de pagamento asociada á conta do cliente. O importe total correspondente ás operacións realizadas coa tarxeta durante un período de tempo acordado cárgase total ou parcialmente á conta do cliente na data acordada. No contrato de crédito formalizado entre a entidade e o cliente determínase se se aplican xuros polas cantidades dispostas.

Servizo	Definición
Descuberto expreso.	A entidade e o cliente acordan por anticipado que este último poida dispor de fondos cando non quede saldo dispoñible na súa conta. No acordo determínase a cantidade máxima de que pode disporse e se o cliente deberá aboar comisións e xuros.
Descuberto tácito.	A entidade pon fondos á disposición do cliente que superan o saldo dispoñible na súa conta. Non existe acordo previo entre a entidade e o cliente.
Transferencia.	Seguindo instrucións do cliente, a entidade transfire fondos desde a conta do cliente a outra conta.
Orde permanente.	Seguindo instrucións do cliente, a entidade realiza periodicamente transferencias dun importe determinado desde a conta do cliente a outra conta.
Retirada de efectivo a débito mediante tarxeta en caixeiros automáticos.	O cliente retira efectivo da súa conta a través dun caixeiro automático doutra entidade, mediante tarxeta, á conta do saldo dispoñible.
Retirada de efectivo a crédito mediante tarxeta en caixeiros automáticos.	O cliente retira efectivo a través dun caixeiro automático da súa entidade ou doutra entidade, mediante tarxeta, cando os fondos estean cubertos por unha liña de crédito aberta para o cliente e con independencia do saldo dispoñible na conta.
Servizo de alertas (SMS, correo electrónico ou semellante).	A entidade remite información sobre movementos efectuados na conta do cliente mediante SMS, correo electrónico ou outra tecnoloxía similar.
Negociación e compensación de cheques.	A entidade realiza as xestións oportunas para obter o cobramento dun cheque
Devolución de cheques.	A entidade realiza actos ocasionados pola falta de pagamento dun cheque por outra entidade.

## ANEXO 2

### Documento informativo das comisións

#### a) Indicacións xerais.

1. Cando os provedores de servizos de pagamento recollan os servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento no cadro de «servizos e comisións», deberán facelo baixo as correspondentes subrúbricas incluídas no modelo do anexo do Regulamento de execución (UE) 2018/34, respectando a seguinte clasificación e orde:

#### *Lista de servizos e subrúbricas*

Servizos xerais da conta:

Mantemento da conta.

Pagamentos (excluídas as tarxetas):

Transferencia.

Orde permanente.

Tarxetas e efectivo:

Emisión e mantemento dunha tarxeta de débito.

Emisión e mantemento dunha tarxeta de crédito.

Retirada de efectivo a débito mediante tarxeta en caixeiros automáticos.

Retirada de efectivo a crédito mediante tarxeta en caixeiros automáticos.

Descuberto e servizos conexos:

Descuberto expreso.  
Descuberto tácito.

Outros servizos:

Negociación e compensación de cheques.  
Devolución de cheques.  
Servizo de alertas (SMS, correo electrónico ou similar).

2. Segundo se indica nos números segundo e terceiro do artigo 7 do Regulamento de execución (UE) 2018/34, cando un dos servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento non se ofrezca ou non estea dispoñible para a conta que se ofrece ao cliente ou potencial cliente, utilizarase a expresión «servizo non dispoñible» na columna «comisión» do cadro de «servizos e comisións», aliñado á dereita.

Pola súa parte, cando o fornecedor de servizos de pagamento non ofrezca ningún dos servizos correspondentes a unha subrúbrica, suprimirá toda a fila correspondente, incluído o título.

3. Cando os provedores de servizos de pagamento utilicen un nome de marca para denominar algún dos servizos incluídos na lista de servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento, deberán incluílo inmediatamente despois do nome do servizo, segundo se indica no artigo 12 do Regulamento de execución (UE) 2018/34.

4. A información relativa ás comisións por servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento que se deban incluír no documento informativo das comisións respectará a orde, as indicacións, a terminoloxía e a desagregación que se indica na alínea b) seguinte e os criterios xerais recollidos a seguir. Os corchetes incluídos nos exemplos deberán substituírse pola cifra ou a indicación que, se for o caso, corresponda:

4.1 As referencias ás comisións faranse na moeda que corresponda, de conformidade coa norma 4 da presente circular.

4.2 Cando se deba incluír unha comisión, esta irá acompañada do correspondente símbolo da moeda a que fai referencia, por exemplo, € ou £.

4.3 As comisións que se calculen como unha porcentaxe do importe a que se refire un servizo expresaranse facendo referencia ao símbolo %. Se se fixar unha comisión mínima, esta expresión deberá recollerse inmediatamente despois, de forma abreviada e entre parénteses, por exemplo, [\*\*] % (mín. [\*\*] €).

4.4 As referencias a límites máximos e mínimos recolleranse segundo se indica no artigo 7 do Regulamento de execución (UE) 2018/34, e mostraranse do seguinte modo:

- Cando se estableza un límite superior: até [\*\*] €.
- Cando se estableza un límite inferior: máis de [\*\*] €.

4.5 Cando se deba mostrar a periodicidade do cobramento dunha comisión, indicárase se a comisión se cobra, por exemplo, de forma mensual, trimestral ou cuadrimestral, segundo corresponda, seguindo as instrucións recollidas na alínea d) do número primeiro do artigo 7 do Regulamento de execución (UE) 2018/34.

No suposto de cobramento da comisión cunha periodicidade inferior ao ano, tamén se deberá consignar a «comisión anual total», segundo se indica nese mesmo precepto do Regulamento de execución (UE) 2018/34.

4.6 A forma en que se recollen estes criterios xerais nos exemplos que se indican na alínea b) seguinte é indicativa e pódese substituír, segundo corresponda, seguindo as instrucións anteriores. Por exemplo, os casos que mostran a comisión en forma de porcentaxe poden cambiarse a contías fixas, e á inversa.

5. En caso de que exista algunha comisión adicional que, a pesar de non se encontrar incluída nas listas propostas na alínea b) seguinte, se considere que, pola súa relevancia –en termos, ben de contía ben de xeneralización do seu cobramento–, é conveniente que se inclúa no documento informativo das comisións, os provedores de servizos de pagamento deberán facer referencia a aquela, segundo corresponda, tendo en consideración as indicacións que se recollen na propia alínea b) e os criterios xerais consignados nos números anteriores.

b) Cadro de servizos e comisións.

1. Cando o documento informativo das comisións faga referencia a unha conta de pagamento que ofrezca o servizo de mantemento da conta, deberase facilitar información sobre a comisión que, se for o caso, se aplique, e indicarse a periodicidade, se for preciso, seguindo o exemplo que se propón a seguir:

Servizos xerais da conta:

Mantemento da conta.	Mantemento. [inserir periodicidade].	[**] €
	Comisión anual total.	[**] €

2. Cando o documento informativo das comisións faga referencia a unha conta de pagamento que ofrezca o servizo de transferencia ou de orde permanente, deberase facilitar información sobre as comisións que, se for o caso, se apliquen, para ordes emitidas, distinguindo estas en función de se a operación é SEPA ou non SEPA, e precisarse:

- se se realiza en euros ou en moeda estranxeira (neste último suposto, tamén se deberá consignar, se for o caso, a comisión por troco de divisa);
- se son estándar (D+1) ou inmediatas;
- as canles polas que se preste o servizo (en liña, sucursal etc.), e
- os límites máximos ou mínimos da operación a que se aplica a correspondente comisión, se for o caso,

seguindo o exemplo que se propón a seguir:

Pagamentos (excluídas as tarxetas):

Transferencia.	SEPA en euros inmediata <i>en liña</i> .	
	até [**] €.	[**] % (mín. [**] €)
	máis de [**] €.	[**] % (mín. [**] €)
	SEPA en euros estándar <i>en liña</i> .	[**] €
	SEPA en moeda estranxeira estándar sucursal.	[**] % (mín. [**] €)
	Non SEPA en moeda estranxeira estándar <i>en liña</i> .	[**] % (mín. [**] €)
	Troco de divisa.	[**] €

3. Cando o documento informativo das comisións faga referencia a unha conta de pagamento que ofrezca o servizo de emisión e mantemento dunha tarxeta de débito ou emisión e mantemento dunha tarxeta de crédito, deberase facilitar información sobre as comisións que, se for o caso, se apliquen, en relación con aquelas tarxetas que estean normalmente asociadas á conta de pagamento ou que se ofrezcan máis frecuentemente con esta.

Se for preciso, os provedores de servizos de pagamento reflectirán a información relativa ás comisións correspondentes:

- á emisión/renovación da tarxeta, e
- ao mantemento da tarxeta (indicando a periodicidade, se for o caso),



seguinte o exemplo que se propón a seguir:

Tarxetas e efectivo:

Emisión e mantemento dunha tarxeta de débito.	Emisión.	[**] €
	Mantemento [inserir periodicidade].	[**] €
	Comisión anual total.	[**] €
Emisión e mantemento dunha tarxeta de crédito.	Emisión.	[**] €
	Mantemento [inserir periodicidade].	[**] €
	Comisión anual total.	[**] €

4. Cando o documento informativo das comisións faga referencia a unha conta de pagamento que ofrezca o servizo de retirada de efectivo a débito mediante tarxeta en caixeiros automáticos, deberase facilitar información sobre as comisións que, se for o caso, se apliquen polas retiradas de efectivo que se realicen no territorio nacional.

4.1 No suposto de que se cobren comisións por retiradas de efectivo a débito mediante tarxeta en caixeiros automáticos do territorio nacional, o cliente será informado de, como mínimo, tres titulares de caixeiros automáticos –sen incluír o fornecedor de servizos de pagamento que facilita o documento informativo das comisións– con que se alcanzou, se for o caso, un acordo dos mencionados na disposición adicional segunda do Real decreto lei 19/2018. Os provedores de servizos de pagamento incluírán, como máximo, cinco titulares de caixeiros automáticos.

Se as comisións están limitadas a un número determinado de retiradas, consignarase:

- Cando se estableza un límite superior: até [\*\*] retiradas ao [mes/ano].
- Cando se estableza un límite inferior: máis de [\*\*] retiradas ao [mes /ano].

En caso de coincidir o importe da comisión por retiradas de efectivo en caixeiros propiedade de diferentes titulares, poderá facilitarse a información anterior de forma agrupada. Neste suposto, o fornecedor de servizos de pagamento deberá enumerar, na columna «comisión», os nomes de, como máximo, os cinco titulares de caixeiros automáticos que repercutan a mesma comisión.

4.2 Se non se puiden facilitar a información sinalada nos parágrafos anteriores por non se teren alcanzado, se for o caso, acordos dos mencionados na disposición adicional segunda do Real decreto lei 19/2018, indícarase a comisión que vai ser repercutida no cliente. Para isto, consignarase a porcentaxe da comisión fixada polo titular do caixeiro (CTC) que vai ser repercutida no cliente, seguida do símbolo % e da expresión CTC, como se ilustra neste exemplo: [\*\*] % CTC.

Así mesmo, en caso de coincidir a porcentaxe da comisión que vai ser repercutida pola disposición de efectivo en caixeiros propiedade de diferentes titulares, poderá facilitarse a información de forma agrupada, seguindo as indicacións contidas no parágrafo terceiro do número 4.1 anterior.

4.3 Os provedores de servizos de pagamento deberán consignar a información detallada nos números anteriores seguindo o exemplo que se propón a seguir:

Tarxetas e efectivo:

Retirada de efectivo a débito mediante tarxeta en caixeiros automáticos.	[Entidade 1, Entidade 2, Entidade 3].	[0] €
	[Entidade 4].	
	até [**] €.	[**] €
	máis de [**] €.	[0] €
	[Entidade 5].	
	até [**] retiradas ao mes.	[0] €
	máis de [**] retiradas ao mes.	[**] €
	Outras entidades.	[**] %
		CTC

5. Cando o documento informativo das comisións faga referencia a unha conta de pagamento que ofrezca o servizo de retirada de efectivo a crédito mediante tarxeta en caixeiros automáticos, deberase facilitar información sobre as comisións que, se for o caso, se apliquen polas retiradas que se realicen no territorio nacional, e incluíranse as comisións adicionais que, se for o caso, se cobren ao cliente por retirar efectivo a crédito.

5.1 No suposto de cobramento de comisións por retiradas de efectivo a crédito mediante tarxeta en caixeiros automáticos do territorio nacional, atenderase ás instrucións contidas no número 4 anterior para a súa inclusión no documento informativo das comisións. Neste caso, detallaranse tamén as comisións que o propio fornecedor de servizos de pagamento que facilita o documento informativo das comisións cobra por retiradas de efectivo a crédito dos seus caixeiros.

5.2 Os fornecedores de servizos de pagamento deberán consignar a información detallada nos números anteriores seguindo o exemplo que se propón a seguir:

Tarxetas e efectivo:

Retirada de efectivo a crédito mediante tarxeta en caixeiros automáticos.	[Entidade 1, Entidade 2, Entidade 3]. até [**] €. <span style="float: right;">[**] €</span> máis de [**] €. <span style="float: right;">[0] €</span> Por retiradas a crédito. <span style="float: right;">[**]% (mín. [***]€)</span> [caixeiro propio]. Por retiradas a crédito. <span style="float: right;">[**]% (mín. [***]€)</span> Outras entidades. <span style="float: right;">[**] % CTC</span> Por retiradas a crédito. <span style="float: right;">[**] % (mín. [**] €)</span>
---	---

6. Cando o documento informativo das comisións faga referencia a unha conta de pagamento que ofrezca o servizo de descuberto expreso ou de descuberto tácito, facilitarase información sobre as comisións e o tipo de xuro que, se for o caso, se apliquen, e farase referencia á contía por reclamación de posicións debedoras, en caso de que se cobre, seguindo o exemplo que se propón a seguir:

Descubertos e servizos conexos:

Descuberto expreso.	Apertura. <span style="float: right;">[**] €</span> Tipo de xuro. <span style="float: right;">[**] %</span> Reclamación de posicións debedoras. <span style="float: right;">[**] €</span>
---------------------	---

7. Cando o documento informativo das comisións faga referencia a unha conta de pagamento que ofrezca o servizo de negociación e compensación de cheques ou de devolución de cheques, deberase facilitar información sobre as comisións que, ao menos, se apliquen polas xestións relacionadas con cheques emitidos en euros e cuxa xestión se leve a cabo no territorio nacional, seguindo o exemplo que se propón a seguir:

Outros servizos:

Negociación e compensación de cheques.	Cheques nacionais en euros. <span style="float: right;">[**] % (mín. [**] €)</span>
Devolución de cheques.	Cheques nacionais en euros. <span style="float: right;">[**] % (mín. [**] €)</span>

8. Cando o documento informativo das comisións faga referencia a unha conta de pagamento que ofrezca o servizo de alertas (SMS, correo electrónico ou semellante), deberase facilitar información sobre as comisións que, se for o caso, se apliquen, distinguindo estas, en caso de variar a súa contía, en función da tipoloxía de mensaxes a que fagan referencia, seguindo o exemplo que se propón a seguir:

Outros servizos:

Servizo de alertas (SMS, correo electrónico ou semellante).	Por mensaxe.	[**] €
	Mensaxe sobre pagamentos con tarxeta.	[**] €

c) Paquetes de servizo.

1. Se o documento informativo das comisións contén información relacionada con paquetes de servizos que:

a) se cobran como parte das comisións incluídas na subrúbrica «servizos xerais da conta», ou

b) se cobran por separado das comisións incluídas na subrúbrica «servizos xerais da conta»,

e fai alusión a algún dos servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento, ademais de teren en conta as indicacións xerais recollidas na alínea a) anterior, os provedores de servizos de pagamento deberán respectar a tipoloxía, a desagregación e o detalle das comisións que se inclúen na alínea b) anterior, para cada un deses servizos.

No dito suposto, a terminoloxía, a desagregación e o detalle das comisións deberán coincidir cos que se utilicen, se for o caso, no cadro de «servizos e comisións» para os mesmos servizos.

2. Cando a comisión do paquete permita o uso limitado dalgún dos servizos incluídos neste, deberase indicar, en cifras, diante do nome do servizo, o número de veces que se pode usar o dito servizo. En caso contrario, indicárase diante do nome do servizo que é ilimitado.

3. Da mesma maneira que no cadro de «servizos e comisións», o nome do servizo deberá incluírse en letra grosa e, se for o caso, o da especificación da comisión concreta deberán incluírse sen grosa.

4. No suposto de que o paquete de servizos inclúa algunha comisión relacionada con algún servizo non incluído na lista dos servizos asociados a unha conta de pagamento, os provedores de servizos de pagamento deberán facer referencia a estas comisións de forma que a súa identificación respecte, na medida en que resulte necesario, os criterios fixados na presente circular para a inclusión de información relacionada con aqueles servizos que se encontran na lista.

5. Os provedores de servizos de pagamento seguirán o exemplo que se inclúe a seguir (que reflecta un paquete que se cobra por separado das comisións incluídas na subrúbrica «servizos xerais da conta») para cumprir co correspondente paquete de servizos:

Paquete de servizos	Comisión
Paquete de servizos [marca comercial].	[inserir periodicidade]. [**] €
Mantemento da conta.	Comisión anual total. [**] €
[**] Transferencia SEPA en euros estándar <i>en liña</i> até [**].	
Emisión e mantemento dunha tarxeta de débito.	
[**] Retirada de efectivo a débito en caixeiros automáticos [Entidade 1].	
[**] Retirada de efectivo en sucursal distinta.	
[ilimitado] Servizo de alertas (SMS, correo electrónico ou semellante).	

Os servizos que excedan estas cantidades cobranse por separado.

6. Se os fornecedores de servizos de pagamento cobran comisións adicionais polos servizos que superen a cantidade cuberta no paquete de servizo que se ofrezca coa conta que:

- a) non se correspondan con ningún dos servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento ou,
- b) a pesar de ser un dos servizos incluídos na lista dos servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento, difiran das consignadas no cadro de «servizos e comisións»,

deberán consignalas no cadro de «información sobre os servizos adicionais», seguindo as instrucións que se recollen no artigo 10 do Regulamento de execución (UE) 2018/34, e en liña cos preceptos da presente circular.

Nestes casos, faranse coincidir, na medida en que resulte necesario, a terminoloxía, a desagregación e o detalle das comisións cos utilizados no paquete de servizos.

7. Se o documento informativo das comisións non inclúe información sobre paquetes de servizos, os fornecedores de servizos de pagamento poderán suprimir o cadro de «información sobre os servizos adicionais», de conformidade co número 4 do artigo 10 do Regulamento de execución (UE) 2018/34.

8. Os fornecedores de servizos de pagamento seguirán o exemplo que se propón a seguir, para completar o cadro de «información sobre os servizos adicionais»:

Información sobre os servizos adicionais:

Información sobre as comisións aplicadas polos servizos que excedan a cantidade cuberta polo paquete de servizos (excluídas as comisións anteriormente indicadas).

Servizo	Comisión
Retirada de efectivo en sucursal distinta.	[**] €

## ANEXO 3

### Modelo de declaración responsable

1. Datos do operador.

Nome comercial do sitio web de comparación .....

Razón social.....

Poboación ..... Provincia ..... Código postal.....

Enderezo .....

País ..... Teléfono.....

Enderezo do sitio web de comparación .....

2. Datos do representante do sitio web de comparación.

NIF/NIE/pasaporte .....

Nome e apelidos.....

Enderezo .....

País ..... Teléfono.....

Desempeña o cargo de .....

Desempeña a citada representación en virtude de escritura pública otorgada perante o notario de ....., na data do ..... e con número de protocolo.....

Xúntase o presente escrito con copia daquela<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> representante tamén deberá presentar copia do seu DNI/NIE/pasaporte en vigor.

## 3. Datos dos propietarios do sitio web de comparación

Titulares	Porcentaxe de participación
[Nome titular] [NIF/CIF] [Enderezo]	
[Nome titular] [NIF/CIF] [Enderezo]	
[Nome titular] [NIF/CIF] [Enderezo]	
[Nome titular] [NIF/CIF] [Enderezo]	
[Nome titular] [NIF/CIF] [Enderezo]	
[Nome titular] [NIF/CIF] [Enderezo]	

## 4. Declaración responsable.

A persoa que asina abaixo declara que ten capacidade legal suficiente para facer a presente declaración en nome e en representación do operador do sitio web a que se refire este formulario, e que a información incluída neste cuestionario é veraz, exacta e completa.

En virtude do anterior, a persoa que asina abaixo declara que o operador do sitio web de comparación arriba mencionado garante o cumprimento de todos os requisitos que se detallan a seguir:

- a) o sitio web é funcionalmente independente e garantirá que os provedores de servizos de pagamento reciben un trato equitativo nos resultados das procuras;
- b) fará constar os seus propietarios no propio sitio web. Para estes efectos, a persoa que asina abaixo declara que os seus propietarios son os que se describen na táboa anterior;
- c) estableceu uns criterios claros e obxectivos en que se baseará a comparación;
- d) o sitio web utilizará unha linguaxe sinxela e inequívoca e, se for o caso, a terminoloxía normalizada establecida na lista dos servizos máis representativos publicada polo Banco de España;
- e) o sitio web proporcionará información precisa e actualizada e indicará o momento da actualización máis recente;
- f) o sitio web incluírá un conxunto amplo das ofertas de contas de pagamento que abrangan unha parte significativa do mercado e, cando a información que se presente non proporcione unha visión completa do mercado, unha declaración clara para tal efecto antes de mostrar os resultados;
- g) estableceu un procedemento eficaz de notificación de erros na información sobre as comisións publicadas;
- h) estableceu políticas e procedementos escritos que garanten o cumprimento dos requisitos que lle son exixibles e que inclúen, ao menos:
  - Os criterios que se utilizarán para a selección e a comparación de produtos;
  - Os provedores de servizos de pagamento sobre os cales ofrecerá produtos e, se for o caso, a relación contractual con eles ou cos seus intermediarios ou representantes;
  - Se a relación cos provedores de servizos de pagamento será ou non remunerada e, se o é, a natureza da remuneración;

- Se o prezo, as comisións e as condicións que figuran están ou non garantidos, e
  - A frecuencia con que se actualizará a información que se ofrezca.
- i) o sitio web mostrará a información de forma que a prominencia dalgún dos produtos ou a orde en que se publicaron non responda exclusivamente aos intereses comerciais do operador ou á súa relación comercial con algunha outra persoa ou entidade;
  - j) cando un fornecedor de servizos de pagamento retribúa o operador do sitio web ou pagamento por publicidade no sitio web, esta retribución non será o motivo principal polo cal os produtos dese fornecedor aparezan entre os resultados;
  - k) cando entre os resultados da comparación se inclúa calquera publicidade, esta indicará, de forma clara e visible para o usuario, que se trata dun anuncio, e inserirá para isto o logo consistente na palabra «anuncio» nun recadro e con letras vermellas inmediatamente antes da denominación do produto ou do servizo;
  - l) toda a publicidade que leve a cabo o operador será clara, obxectiva e non enganosa, e
  - m) as especificacións técnicas que estableceu garanten que se cumpre coas exixencias legais que lle resultan de aplicación.

....., ..... de..... de.....

Asina en representación do operador do sitio web de comparación,

D./Dna.....